

# A NOSA TERRA

162  
Idearium da «Irmandade da Fala» en Galicia  
e nas suas colonias

ANO MCMXXII

## Decálogo do Nacionalismo Galego

I	Autonomía de Galicia.	VI	Sustantividade do dereito fo-
II	Autonomía municipal.	VII	A terra para os que a tra-
III	Co-oficialidade dos idiomas galego e castelan.	VIII	llen, e libre de gravames.
IV	Igualdade de direitos civís e políticos para a muller e para o home.	IX	Repooboación forestal forzosa.
V	Representación proporcional e non elixibilidade dos que non rindan función útil para a colec-	X	Entrega á propiedade parti-
	tividade.		cular das terras incultas do Es-
			tado.
			XI
			Libre cambio.

PRECIOS DE SUSCRICION: Na Cruña, mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 pe-  
setas. América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos.—Pagos adiantados

Redacción e Administración: Praza María Pita, 17, baixos. A CRUÑA

# Ford


EL AUTOMÓVIL UNIVERSAL

Prezos actualmente en vigor

		PESETAS
VOITURETTE	para 2 pasaxeiros, aberto, con arranque . . . . .	<b>5.470</b>
VOITURETTE	» 2 » » sin » . . . . .	<b>5.100</b>
DOBLE FAETON	» 5 » » con » . . . . .	<b>5.725</b>
DOBLE FAETON	» 5 » » sin » . . . . .	<b>5.350</b>
SEDAN	» 5 » (coche pecho con arranque) . . . . .	<b>9.080</b>

Chassis  
común

Ptas. 4.080



Chassis  
camión

Ptas. 5.065

Estos prezos enténdense bordo Cadiz con dereitos  
de Aduanas pagados

Camiós e coches de todos os sistemas, sempre en exis-  
tencia para entrega inmediata na Cruña

**LUIS GRANADOS**  
AXENTE

Oficina, Exposición, Garaxe e Salón de venda de pezas de recambio e toda  
crás de accesorios para automóviles

**Payo Gómez, 5** ■■■■■ **A Cruña** ■■■■■ **Teresa Herrera, 6**

DIRECCION TELEGRÁFICA: **LUGRAFORD**

# A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCEÑAL

ANO VI — NÚMERO 162 — 30 ABRIL 1922

## A RAZA



¿Coidades que é leite o que mama o rapaz?  
Non; é sangue.

### UN COMO MOITOS

#### O hespañolismo do Sr. Grandmontagne

Seguramente ti, lector, non coñeces ao señor Grandmontagne, e voucho presentar. O señor Grandmontagne é un ilustrado hespañolista; é francés pol-o seu orixe; é de nacionalidade arxentina, e simte pola Hespaña un carío mestizo propio d-aquelas latitudes.

Todas as personas que vivimos na Hespaña, dentro da nosa anárquica heteroxeneidade, temos un punto de coincidencia: en que todos falamos mal da Hespaña; na Hespaña non hai mais hespañolistas que as bailarinas, os toureiros, os políticos e o señor Grandmontagne. Non queremos, pois, censurar a este señor pol-o seu hespañolismo, moi lexitimo e respetable; xa que él se quer clasificar dentro d'isa fauna non seremos nós quen o descalificuemos.

Mais o señor Grandmontagne quixo facernos un favor aos galegos e veu a Galicia a descubrir que nós tiñamos en Vigo un gran porto, unha gran ría, unha fermosa campia e un future emporio do comercio intercontinental. Veu a descubrir o Atlántico como n-outrora se descubría o Mediterráneo, co xeito dogmático do explorador que vai descubrir terras vírgenes ao centro de África.

Pubricou uns artigos kilométricos no xornal de Madrid, "El Sol", facendo relato dos seus descubrimentos, e dixo que Vigo era unha das cidades mais hespañolistas, unha das cidades en que mais fondamente arraigado está o sentimento da unidade nacional. E iste dogmatismo patrioteiro xa é unha causa que lle non podemos respetar porque encerra un aldraxé para a nosa gran Cidade Atlántica.

O ser hespañolista non quer dicir ser amante da Hespaña, sinón sentirse orgulloso das cousas da Hespaña, que é moi diferente. O amor é unha forza creadora en constante superación de si mesma. Por iso o que ama a Hespaña o primeiro que deseja é a trasformación de todos os seus elementos constitutivos; ve que na Hespaña non hay trabalho, nin honradez política, nin cultura, nin administración, nin libertade nos pobos, nin senso común nas xentes; e o primeiro que ten que desexar é bon hespañol é unha absoluta independencia funcional dos diversos pobos que componen a Hespaña, para ver de que o parte de todos as actividades liberadas e de todos as enerxías locales faga o milagre de resucitar o corpo peninsular, gangrenoso e paralítico. Por iso o bon hespañol tamen debe berrar contra das plagas do Egipto que se vincularon dunha maneira endémica nesta terra de sol, de caciñas e de folganza. Bon hespañol foi Costa, e non houbo quen descarnara mais crudamente o grado de incivilidade e de

barbarie que a Hespaña representa na sinfonia das civilizacions.

O hespñolista é outra cousa; o hespñolista é un epiléptico morboso, fruto da dexeneración dun espírito nacional ateigado, dunha ignorancia secular. Por iso o hespñolista non fai nada por engrandecer a Hespaña; todo o mais que fai é poñel-a en ridículo; non é un ambicioso sinón un orgulloso; non é un espírito creador, sinón conservador, para conservare todo o malo, todo o podre, porque a Hespaña actual non é náis que iso; un monlón de podredume espiritual e material.

Por iso non puido ser maior o aldraxe que Grandmontagne lle fixo a cidade da Oliva. Vigo representa un acelerado dinamismo en todal-as suas manifestacions vitales frente á parálisis hespñola; Vigo representa unha vida de industria, de traballo frente á burocrática vida, caciquil e latifundiaria das demais cidades hespñolas; unha cidade hespñola, e sobre todo si ademais de hespñola é hespñolista, non se enxergue sic unha praza ou varias prazas de touros, cantas más prazas más hespñolismo; Vigo é a única cidade importante da Hespaña que non tén praza de touros, mais en troques tén un Ateneo, e as suas festas populares son festas de sport, de educación física e espiritoal da raza; Vigo é unha cidade nova que medra coa puxanza dunha tropical e coa tenacidade dun espírito nórdico.

¿Qué lle debe Vigo a Hespaña? Débelle o acharse incomunicado, o non ter ferrocarris, o non ter un porto adoptado á sua importancia e ás suas necesidades. Si Vigo non fora hespñol sinón inglés ou d-outra nación calquera tería o millor porto da Europa, tería grandes vias de ferro para comunicarse rápidamente con Europa: seria a gran Cósmodópolis atlántica na que se verterían as inmensas riquezas dun mercado intercontinental, a gran vía do intertroque europeo-americano, a matriz na que se fecundarían as civilizacions dos dous Continentes; todo isto será tamén Vigo o dia que Galicia sexa dona do seus destinos e da sua vontade e poida empregar os seus cortos e os seus aforros no cháo nativo. E a importancia que hoxe Vigo tén a debe ao traballo dos seus fillos e a todo aquello que está fora da intervención hespñola; e os defectos que Vigo tén son debidos somentes ao seu carácter de cidade hespñola, por ser hespñola non puido desenrolar a sua industria pesqueira; non lle debe nada a Hespaña siron que os perxuidos que sofre, todos derivan de pertencer ao Estado hespñol; é importante, en tanto que é unha cidade atlántica e cosmopolita; por Vigo desfilan todal-as liñas extranxeiras de vapores, mais casi non tocan o seu porto os vapores hespñoles. ¿Qué orgullo poide sentir, pois, Vigo en ser hespñol? O seu sentimento tén que ser de pena e de tristura. Os extranxeiros farianlle un gran porto; fai tres anos que dirixeuse ao Estado hespñol, e iste burlase das lexitinás cobizas da gran cidade galega. Non; por fortuna, Vigo é un espírito, en actividade, en dinamismo, en tenacidade, en europeísmo, en enxebrismo civilizador algo oposto ao espírito da Hespaña actual; non pode, non afortunadament, ser hespñolista.

**Suscríbase vostede  
A NOSA TERRA**

#### Do Poeta da Raza

## ¡TERRA!

A neve nos curutos  
a brétema no val,  
o sol bicando as veigas,  
o vento no pinal,  
este berro de loita  
estenden pol-o chan:  
Esperta e érgu ete axiña  
Terra de Breogán!

¡Fillos do chan galego,  
rexos celtas irmáns!  
Os corazóns dispostos,  
n-un feixe as voluntás  
respondamos ao berro  
que nos chama a loitar:  
¡Libertade a nobre e sagrada  
Terra de Breogán!

R. Cabanillas.

## O xeneral Borbón, exemplo do patriota hespñol

O diputado catalán señor Maciá dou unha conferencia no Centro de Dependentes do Comercio de Barcelona; a conferencia foi nacionalista, como non podía deixar de ser, pois seu autor é un dos mais esgrevios homes representativos da Cataluña libre. A un Xeneral do Exército hespñol, o Xeneral Borbón indixestóuselle a conferencia, e publicou unha carta de protesta no nome de Cataluña, cuia representación podía ostentar—dizia él—, porque tiña recorrido aquela terra de punta a punta. Abofellas que a razón é das que convence; según ela, o señor Berenguer pode representar a vontade dos rifleiros, porque tén recorridas as duas zonas de ocupación mais que ninguén; según ela, tamén o mais enxebre e lexítimo representante da Hespaña é Juan Belmonte, porque no ano visita mais cidades hespñolas que ninguén. Mais non nos debe extranjar o razonamento do señor Borbón, porque a legitimidade da representación que reclama, é unha legitimidade de fabricación familiar; dinastía borbónica, familia borbónica, todo dunha enorme legitimidade extranxeira.

Nós coñábamos que na Hespaña non había mais Borbós que os da Familia Real, e xa nos parecían d'abondo; eisí como eisí, o Borbón é un home extranxeiro, que posto no cumbe representativo da unidade hespñola é un símbolo. Mais polo visto hai outro Borbón en Cataluña, que é nada menos (e nada mais) que un xeneral do Exército. Nós non tiñámox e nociamento de que ese señor existise no mundo dos vivos; non sabemos que teña escrito un libro, nin feito un descubrimento científico, nin que sexa profesor, nin literato, nin periodista, nin orador, nin siquera político, que é a más pequena cantidade de cousa que se pode ser n-istos tempos; e non podendo facerse sona por ningún d'ises camiños, quer darse á pu-

bricidade e unha protesta patriótica. Non nos parece mal; mais para ese caso permitímonos darré un consello e dicirle: señor de Borbón, xeneral do exército español; si vostede non pode darse a conocer por ningún valor espiritual, mais que polo seu valor de militar amante da sua patria, en Marruecos tén ocasión de demostrarlo; nas montañas africanas unha coroa de trunfo está murchándose na espera da man dun Xeneral español que sepa conquistala; vaia vostede a recorrerla, e así poderá conquerir a gratitudade da España; pois do contrario teñen que ficar ridículos as protestas de patriotismo dun Xeneral do Exército español que se adica ao turismo por terras de Cataluña, namentres os soldados do seu Exército morren nos agros africanos, porque a Patria non soupo dárles mais que Xenerales turistas.

#### PASATEMPOS ARANCELARIOS

### Ao Sr. Cambó gústalle mais o viño que a carne

Nós sfilamos que o señor Cambó era un gran orador, e un parlamentario formidable; mais ignorábamos que fose un humorista; indudablemente o señor Cambó é unha caixa de sorpresas e cada día sabe amostrarnos unha nova fase do seu complicado talento.

Discutiuse no Parlamento o gravamen arancelario sobre os cereáis e os nosos diputados fixeron o ridículo mais espantoso: Galicia precisa absoluta libertade arancelaria non soamente para o millo e para o centeo, sinón tamén para o trigo, e namentres non conquira ista libertade, a economía da nosa terra non poderá xurdir do seu atraso e non poderá dar vida ás immensas riquezas que accóchase no seu seo. Os nosos diputados non se deron conta disto, nunca se darán conta dos probremas da terra porque viven na lúa: na eterna lúa de mel do seu deshonesto concubinato co centralismo. Pidiron somertes unha desgravación dos direitos sobre do millo, porque era tan pequena e tan sinxela a sua petición que de antemán xa sabían que iso non podería serles denegado; e asina, conquiñaron unha victoria sin combatir, unha victoria de opereta e bambalinas, unha victoria que xa facía tempo tiña ganada a opinión galega coas suas varudas protestas contra de tan intolerable asoballamento económico.

O señor Cambó, sendo ministro da Facenda, fora o autor da criatura, queres dicir o autor do gravamen sobre do millo; o señor Cambó imponía ese gravamen a economía galega, porque, ben catalán antes que nada, foi ao ministerio a protexer as industrias da sua terra; e esa protección ben sabía él que trepezaría con muitos obstáculos, cos obstáculos, entre outros, dos trigueiros de Castela, sinón favorecía tamén as comarcas dos castelás; e por iso o señor Cambó, home moi expeditivo para todas as cousas, non tivo incomenmente en favorecer aos trigueiros para taparles a boca, inda que iste bocado o pagase Xan gallego, como eisi foi. O señor Cambó sabía que o pobo galego é un coello axeitado para toda crías de esperimentos caecíquiles, que leva aguantado moitos e que un máis non faría conta na serie infinita dos que tén sufrido; sabía sobre todo que Galicia non tén unha representación parlamentaria, que os parlamentarios que salen polos distritos de Galicia son cocidos primeiro no ministerio de Gobernación a gusto de Bugallal, García Prieto, Gasset, "and company", e que istos señores o primeiro que lle eisixen aos seus candi-

datos e que non teñan sentido común e despóis que non teñan paladar moral para poderen tragar todos los emboloios; o señor Cambó, pois, tiña gardadas as costas polos mesmos diputados de Galicia.

Mais o señor Cambó é home que sabe gardar as formas; por iso cando foi presentada no Parlamento a enmienda dos diputados galegos, inda sabendo que non tiña razón ningunha, epúscose a esa enmienda para parecer tanto dentro da sua deshonestidade. E o seu discurso foi o discurso meirande que fixo na sua vida, porque foi un discurso cheo de disparates —él era o primeiro en darse conta de que disparataba—dende o comezo hasta o remate; na nosa vida lemos tantas berradas xuntas como as que saíron da boca do señor Cambó; nós no comezo pensamos si o señor Cambó tiña tolledo, sempre no suposto craro está, de que a tolledura había de darlle alguma ventaxa, porque o señor Cambó si chega a volverse tolo sempre será un tolo de comenencia; pero de camión rechazamos a hipótesis ao ver que ningún diputado galego se atreviera a contestarlle para desfacer todas as berradas que tiña dito, que con perdón do seu talento, ahófelladas foron muitas. O que fixo, pois, o señor Cambó, non foi unha toleria; foi un xesto de audacia para quedar ben e para deixar mal a todos os nosos diputados; él demostrou que dos probremas de Galicia non sabe nada, pero demostrou tamén que os diputados de por eíqui inda saben menos; iso de non saber él nada das nosas cousas non lle vai nin lle ven; él é catalán e abóndale con saber os probremas das suas terras; pero ao demostrar que os nosos diputados tampoco saben nada das nosas, fixolle un grande servicio a Galicia. Foi o que se dí un humorista; o humorismo é algo temperamental que todos os galegos levamos dentro de nós; un galego poderá non saber nada de inadxa, pero sempre poderá ser un humorista; e neste terreo tamén lle demostrou aos nosos diputados que non teñen a máis cativa cantidade de galegos.

O maior argumento—o maior disparate querse decir—que o señor Cambó empregou contra da libre importación do millo foi dicir que con iso causábase gran perxucio aos intereses vinícolas da España; e diante da disertativa de defender a carne ou o viño, o señor Cambó cautou un hino nacional ao viño, millor dito o alcohol; isto non tén nada de extraño, porque todos os humoristas son partidarios do Deus Baco; e este argumento foi o que deixou abuxalados a todos os nosos diputados, como si un feitizo lle trabara a lingua; porque os rosos diputados inda que non teñan senso común nin a máis cativa cantidade da galegos, a todos lle gustan as cuncas do Riveiro; por iso se arrecuncharon nas suas cadeiras tribunais, cando ouvireron que as carnes galegas, pertican perxudicar ao viño, ao viño que é o único espírito patriótico que eles son capaces de sentir.

Xa sabemos, pois, que o señor Cambó é un humorista; e sabemos tamén que lle gusta más o viño que a carne. Dámoslle a nosa más expresiva embora; porque si como humorista sabe poñer en ridículo aos nosos diputados, coma Ben catador, tén asegurada no Parlamento unha importante minoría que componen todos os diputados de por eíqui que o seguirán arreo cando se toque a empinar o codo nas suas libacíos económico-centralistas.

**Lea vostede o próximo número de**

**A NOSA TERRA**

## Liñas de loito

IGNACIO RODRIGUEZ

Dunha nova e grande perda para o nacionalismo galego temos que dar conta aos nosos lectores. Foi ela a morte de Ignacio Rodríguez, un dos mais entusiastas, dos mais enxebres, dos mais bos e xenerosos nacionalistas da nosa mocedade. Nacionalista d'acción, non desperdiçabas ocasión ningunha da sua vida para facer propaganda e ostentación dos seus ideáis. Na sua terra nativa, Mellid, e no distrito de Arzúa fixo rexa e fecunda sementeira do nacionalismo; n-elas duas vilas hai viveiro, de nacionalistas que cultivou con agrado e espírito aceso do noso irmán Ignacio Rodríguez; despois viviu na Cruña, revelándose n-ista Irmandade coma un temperamento rebelde, cheio de desacougos que facía, da sua vida un apostelado de sacrificios pol-a redención da sua terra. Pasou a vivir a Madrid, e n-aquel ambiente que murcha tantas grandezas espirituais, soupo xuntar un fato de rapaces, acesos en santa fé pol-as libertades de Galicia, que foron os que bocaron os cimentos da Mocedade Céltiga, que en terras de Castela é hoxe o roncel lumioso, a xurdia vanguardia da nosa vontade nacional no extranxeiro. E en todos os sitios e en todas as ocasións, escribindo artigos n-este Boletín, organizando propaganda, dando cartos do seu peto para todas as necesidades do noso movemento, traballou sempre acriticamente, protestando sempre con varil austerdade contra dos maiores galegos, e procurando sempre tamén glorificar todas as grandezas e valores da nosa raza e do nacionalismo. O seu espírito era loitador e frente como as triadas de Curros Enríquez; a sua vontade era ferro; a sua única arela n-iste mundo era proder soberana.

Ferido n-aquel Madrid por unha doença treidora inda sin se poder erguer do leito, tornou a morrer no seu chao natal, traxido sin dúbida pol-a foza misteriosa da sua fé nacionalista que non podía deixar que unha terra allea gardase os restos de quen en vida non fixo mais que traballar pol-a terra sua. Con fondia pena, inda abraiado o noso espírito pol-a tristeza nova, a comunicamos ao nosos irmáns e aos nosos lectores, pregándolles un rezo pol-a alma do irmán, e poñéndolles de exemplo de patriotismo a sua vida, para que o seu nome come o de todos aqueles que vaian aumentando o martiroloxo da Galicia nova, aumente a nosa fé e faga medrar ainda mais as nosas arelas de redención.

Alberto d'Oliveira, que foi cónsul de Portugal na Cruña, morreu en Lisboa.

Esta mala nova enciñounos de tristura porque o señor Oliveira era un gran amigo da nosa terra, conocía perfectamente o noso problema nacionalista e sabía que del podían agardar, nun porvir non lonxano, grandes proveitos ás duas nacións occidentás da península.

O señor Oliveira era, ademais, unha persona de outísima cultura. Unha das suas glórias era ha de haber facilitado medios para que o grande poeta Méndez Leal imprimise seu encadernante libro "O Anticristo."

A sua familia, e principalmente a sua distinguidísima dona, enviamos o testimonio da nosa condonanza.

Anúnciese vostede en

**A NOSA TERRA**

OS HUMILDES

## Duas irmás

Emilia e Manolita eran irmás; duas irmás tan semeillantes no físico coma no moral. Vivian xuntas, traballaban por igual nun labor, e o mesmo espírito de insinifancia movíñas no escenario da vida.

Miudiñas de corpo, voz aflautada, atentas sempre á cumplir coa boa crianza, á non molestar á ninguén c'unha palabra, c'un feito, parecían duas marionettes de guíñol, contribuindo á lles dar este carácter os seus rostos de faceiras redondiñas nas que resaltaban uns coloretiños que parescían pintados; os peiteados moi tesos e reluscentes de *bandolina*, e os vestidos conservados nunha moda antíquissima.

Quedaran orfas ainda mozas. Encomezaron a vivir d'un pequeno patrimonio que lles quedou; mais vendo que os seus recursos disminuian, que de seguir naquel xeito logo darian conta de todo, e xa que non se presentaba ningún rapaz que lles ofrecese co seu nome un amparo dino, decidiron abaixarse ao traballo para poderen vivir a sua vida.

Bordaban ben, e ao bordado adicáronse. Algúns coñecementos e amistades que tiñan deparáronlle labor, e como as suas necesidades con pouca cousa estaban cubertas, non tardaron en se sentir satisfeitas da sua sorte.

Anos pasados, cando nos seus cabelos encomezaban a se ver algunas cañas, enfermó unha das irmás. A outra fixo tanto puido, escedéndose nos seus trafoxos cotiás, para atender á doente e mais o traballo; e un dia tivo a edicia de ver a sua irmá fora de perigo, salva; mais tamén sufriu o acedume de se sentire mais insignificante ainda do que sempre se tiña considerado, ao ver que axiña, os poucos aforros que poidera axuntar co seu traballo e as suas privaciós de tantos anos, en poucos días escuáranlle entre as mans para gastos da botica, do médico, de coussas que nunca maximara que lle poidera facer algún servizo na vida, d'outras que consideraba coma un luxo innecesario.

Con mais afán púxose ao traballo. A irmán, xa restabrechida, axudóulle novamente. Recomezaron a sua labors d'outrora, mais agora con certo sobresalto, c'un desacougo medoso de novas doenças que poidera pillalas sen algún diñeiro para lles facer frente. E cos anos, e coa intranquilidade que se foi adonando do seu fraco espírito, a sua labor deu en ser cada día mais defeituosa; e como consecuencia natural, a xente deixaba de lles levar traballo de alguma importancia, encargándoas sómente d'aqueles insignificantes que non precisaban grandes primores de execución.

E chegou un día en que nada tiñan para facer as duas irmáns. Triste dia aquell Agardaron en valuto a visita d'algúnha marchanta; tiveron hasta a derradeira hora a firme espranza nalgún encargo que lles valería unhas pesetas... e non chegou ningún.

Daquela, as duas insignificantes marionettes de guíñol, como esquecidas nun currunch pol-o mestre Pedro que move os bonecos d'este mundo, sentadas nas vellas sillas en que tantos días traballoso pasaran na vida, lembrando todo o seu pasado sen un día de amor, sen unha hora de intensa emoción, de felicidade, de placer, sentíronse tan disgraciadas, que os seus ollos enhérionse de bágoas.

Mais nada facían con chorar. Era preciso tomar unha determinación, buscar un medio de salvar a sua triste situación. E despois de discutilo moito entre as duas, unha d'elas decidiuse á visitar certa soñorona que noutrora tifialles dado moita labor.

E foi.

Inútil. Aquela señora enfadouse. Non lles tiña levado mais labor porque á cada paso traballaban peor, e ela, por favorecelas, non iba despois á aguantar as mofas das suas amistades... E despediu á vella bordadora con frases pouco piadosas, coma quen bota fora unha impertinente.

Xa na rua, a pobre señora sentiuse esmorecer coa fame e coa desesperación. ¡Non sabía qué iba ser d'ellas! E encostada á un portal chorou esconsoladamente a sua dór fonda, esgazadora...

Unha elegante señorita pasou a seu rente. Viuna que choraba, detívose, faloulle, alentouna. Prometeulle que lles había levar traballo, e adiantadamente pagoulle xa unhos encargos que tiña pra lles dar á facer.

—¡Bah! A vida, o traballo...

Falaba con desenvoltura; un ár despectivo para certas cousas, para certas xentes...

Despois foise rindo, coma unha nena que acaba de facer unha travesura, seguida pola ollada de agradecimento da vella, que coidou ver n-aqueles ollos agrandados pol-o lapiz; n-aquela boca dibuxada á carmín, unha beleza celestial enviada por Deus para alumiar ás almas boas, ás almas humildes dós que traballan toda a vida...

**Leandro Carré.**

Na Cruña-Marzo, 1922.

## TEATRO GALLEGO

### A caraterización

V

A caraterización é o medio principal e mais eficaz de que dispõen os actores para identificar o seu físico cō do personaxe que tén de representar. Nonstante non se crea que a pintura da cara abonda para caracterizar un tipo calquera. A caraterización, pois, é a arte de se vestir, pelear, modificar o rosto por medio da pintura, da expresión e dos postizos, modular o ton da voz, adoptar unha maneira de andar, e, en fin, facer todo o que pode constituir un carácter e dar a idea real da psicoloxía do personaxe creado pol-o autor.

O autor, voltamos a dicir, debe observar a humanidade en todos os seus aspectos, e con moito cuidado facer unha selección para se adaptar aos modelos que máis estén en armonía cō pensado pol-o autor e, repelimos, escollelos artisticamente para producir un bon efecto durante a representación. O actor é o colaborador do autor, e d'él depende a maior das veces o bon éxito ou o fracaso d'uma obra.

“O maquillaxe” (pintura do rosto) debe ser persoal. Ningún sabe como o actor mesmo o que precisa a sua cara para “servir o papel”; porque o actor debe estudar o seu rosto e praticar o exercicio dos seus músculos diante do espello para acomodar os seus movementos á expresión da frase.

Hoxe empréganse para o maquillaxe barras de cores diversas, fabricadas cō ese ouxeto, e compretemente inofensivas, ou pinturas de acuarela. As barras úsanse directamente

s bre a cara, utilizándose tamén para as líneas finas os difusos como para o dibuxo a carbén.

Ecomente que cada actor leña as pelucas feitas axetadamente e medita da sua cabeza, única maneira de que a coñecación resulte de efecto, e débese disimular moi ben coa barra de cér a unión do postizo.

A mejor maneira de se caracterizar ben é buscar unha persoa somellante ao tipo que se tenha de representar, e ouvirse as rugas, rexas, bigote, nariz, boca, etc., etc., praticando logo a imitación da todos os detalles, pero adaptándolos a propia cara, hasa lograr a perfección.

Todo artista dramático debe poser un album de fotografías e dibuxos de distintos tipos, o que lle facilitará moito a caracterización, e mais se en cada un d'ellos anota o nome do personaxe e a obra en que ha de figurar.

Débese ter molto cuidado en non abusar das cores, e esfumalas ben, de sorte que en vez de riscas duras formen sombreados suaves; en non pintar rugas mais que onde as acuse o propio rosto; en non pintar a mitá da cara e logo copiar esasimamente a outra mitá, porque a fisionomía dos individuos, inda que armónica, é varia. O que pintara os dous lados do rosto iguales somellaria un boneco.

Cando se representa un tipo de vello débese tapar c'un anaco de cera negra algún dente para dar a impresión completa.

Ecomente agrandar os ollos, salvo cando convenga o contrario para servir o tipo, o que se logra trazando unha linea negra a carón da pestana inferior e prolongándoa hasta unha cò párpado, que debe de se colorear un pouquín.

O mais elemental do "maquilloxe" é que as líneas retas acusan os temperamentos serios, e as curvas os caracteres riidentes.

Os tipos enérxicos raias moi marcadas e retas, os hipócritas moi finas e curvas.

En tipos cómicos pódense variar a forma do nariz e barba c'uma pasta especial cér carne. En xeneral estes tipos admitem más "pintura que os serios".

Os bigotes e barbas postizas deben de se fazer con crepé pegado con mastic (feito de goma e alcohol) e recortado despois comenentemente.

As rexas son unha das cousas que mais variación prestan ao tipo e contribuyen á lle dar carácter.

Xuntas e grosas, acusan estupidez.

Arredadas e finas, hipocresía.

Ben dibuxadas e en arco, bondade.

Mal dibuxadas e romatando en punta hacia arriba, maldad.

A boca grande revela o home mintireiro, camorrista, falsoador.

A boca pequena é propia do home pacífico, fiel, calado e tímido.

Os labres carnosos denuncian o home mais necio que sabio, pero apto para todo.

Os labres finos discreción, prudencia e talento.

Ojos pequenos son propios de cobrizos.

RAMÓN ALVARINO.

## LETRAS IRMANS

**O' Tsuki-Sama**

...E a *gueisha* de olhos esguios  
tinha uma mãos de lentes amavios  
como dois castiçais de quintuplos pavios  
a arderem de luar a iluminar a noite...  
porisso fôra assim chamada,  
pelos seus esguios olhos de Magoada,  
pelos dêdos de luar de alumiar a noite...

E foi menina, e foi donzela...

E andaram corações, de rastos, atraz d'ela,  
e teve joias e riqueza á maravilha...  
(E nunca poz no corpo a túnica amarela,  
só teias com dragões a tintas e escumilha.)

...E a *gueisha* de olhos de freira  
envelhou como a flor da macieira,  
e as figuras de *biombo* em *kioskes* de esteira,  
(fugui-lhe o luar das mãos a iluminar a noite)  
e entre os *bambús*, e pela rua,  
não era mais Sua Excelencia a Lua,  
nem tinha mãos de luz de alumiar a noite...

E veio, un dia...

Pela escada de onyx, num *kimono* de hiacinto  
onde a sombra das maos punha vergões de listras,  
veio assentarse a ler num lírico recinto  
do mágico jardim de absinthos e aspidistras...  
A tarde punha azul aos lagos e aos repuxos,  
e na seiva dormente uma indolencia mole;  
e as cánforas ao vento, em seus bailados bruxos  
pareciam florir, todas en oiro, ao sol!

...E a *gueisha* de olhos magoados  
estilhaçou nos dedos torturados  
ventarolas de laca e arminho com bordados,  
timbres com pés de madrepérola e charao...  
e a sua voz cheia de préces  
tinham gritos de grou pelas *kermesses*  
de timbre em pés de madrepérola e charao.

**Hotel "LA VICTORIA"**

Propietario: Manuel Fernández Vázquez

Rua de San Andrés, 154-A CRUÑA

Dirección telegráfica e telefónica VICTOFER

Teléfono número 459

Os viños do Ribeiro

**ARNOYA FINO**

Siñifican o máximun d-a "delicadeza"

Bodegas da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes—Ourense

Representante na Cruña: **D. R. G. Alegre**

Juana de Vega, 35

No Río-Azul, ao largo, arfavam brandos remos.  
Yam garças, em luto, ao lado do Sol-Posto;  
e a *gueisha* esperava ainda o mes dos crisanthemos,  
p'ra desvaivar o olhar na embriaguez do mosto.

...E leu, um dia...

"O Tempo engeita o Amor  
quando se vai o viço e o frescor,  
e deixa os corações mais tristes que o Sol-Por.  
doridos e tristonhos..."  
Dos arrosais em flôr,  
iam, aos pares, as cegonhas e os cegonhos...

**Celestino Gomes.**

Porto.

**CÉLTIGA**

Temos recibido o segundo número d'esta publicación. Este número, presenta na portada un magnífico dibuxo do inmenso Castelao.

Publíc o segundo número de "Céltiga" unha fermosa leenda celta de Louey Chisholm, traducida directamente do inglés ao galego polo distinguido escritor Manoel F. Barreiro. A leenda que é fermosa, titúllase "Os catro cisnes blancos". Ao remate da mesma aparece unha nota explicando o sínxelo simbolismo de "Os catro cisnes blancos."

No terceiro número publicará "Céltiga", unha novela dividida en 3 xornadas, titulada "Almas Mortas."

Para este número ten feito un fermoso dibuxo o noso tráin artista Camilo Díaz Balbín.

**Sobriños de José Pastor**  
**BANQUEIROS**

Casa fundada en 1776

A Cruña e Vigo

**BOLSA do TRABALLO INTERNACIONAL**  
FEDERACION dos EMIGRANTES HESPAÑOLES  
ASOCIACION de BENEFICENCIA

**Enrique Iglesias Corral Barrio**

SUBDELEGADO GENERAL NA REGIÓN NOROESTE DE HESPAÑA

A Cruña, León, Ourense, Oviedo e Ponteveda  
A CRUÑA

**LA SALUD**

CASA DE BAÑOS

A MELLOR DA CRUÑA

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

**Xosé Patiño**

Bordados Artísticos  
Xogos de cama Confeccions  
Equipos para noivas  
**San Felio, 20-Apartado, 37**  
Palma de Mallorca

**Paulino Freire**  
**BOUZAS - VIGO**  
**Sucursaes: en Cruña - Ferrol**  
Redes d'algodón para tarrafa  
Aparellos, armados e en panos, para  
barcos pesqueiros  
Malletas de abacá e cáñamo alquitranado—Cables de aceiro, ingleses  
Aceites minerás e vexetaes, e surtido  
compreto para maquinaria e pesca  
= Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUÑA =

**"Patente-Salvavidas"**  
O mellor para pintar os fondos dos barcos. Ganou Diploma de Honor, Gran premio e medalla de ouro nas Exposiciós de París-Londres.

## REPRESENTANTE

**F. Bertran e Mirambell**  
VIGO-CRUÑA

**ZINCKE HERMANOS**

**LIBRERÍA — PAPELERÍA**  
**IMPRENTA**  
Cantón Grande, 21—Estrella, 37  
— A CRUNA —

Fábrica de Xergóns  
e catres metálicos  
**ORZAN, 70**  
(Frente do Pórtico de San Andrés)

**EFFECTOS NAVALES**

— DE —  
Ferrer e Compañía-Sucesores  
**F. BERTRAN E MIRAMBELL**  
Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xenerais para equipo da Mariña Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

**FARMACIA EUROPEA**

— DE —

**Lopez Abente**  
— REAL, 55 —

A mellor surtida da Cruña e un dos establecimentos da sua eras que mais honraron a Galicia. Montada con arreglo aos derradeiros adiantos.

Alfredo Lastres Canosa  
**"La Encajera Española"**

Fábrica de encaixes de fio  
Tecidos a man. Especialidadeen  
aplicacíos

**Exportación Ibero-Americana**  
**Almagro (Ciudad Real)**

**Grandes Almacés de Tecidos****NUEVO MUNDO**

## SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIÓNS

Inmenso surtido en Panos da Rexion e Estranxeiro. Confeciónanse toda crás prendas para mulleres, homes e nenos.

SAN ANDRÉS, 41 e 43 - Teléfono 256  
— A CRUÑA —

**Novos Almacenes Coruñeses**

Tecidos nacionás e estranxeiros Vendas por maior e menor  
Fonte de San Andrés, 18, 20 e 22

A Cruña

Viuda de H. Hervada  
**Casa fundada en 1865**  
— A CRUÑA —

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES,  
MAQUINARIA AGRICOLA, PEDRAS  
FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

**Lino Pérez Mariñas**

Representante e Comisionista  
**Rua Real, 43 — A CRUÑA**

**Os melhores viños de Xerez**  
son os de  
**Marín e Cintado**

dirixirse ao representante para Galicia:  
Lino Pérez Mariñas - Real, 43 - A Cruña

**CERVANTES**

Libreria, Papeleria e Imprenta

TELEFONO, 456

Rua Real, 49

— A CRUÑA —

**"LA SANTIAGUESA"**

**Gran Hospedaxe de GUZMAN**  
Orzán, 70 - Teléfono, 290 - A CRUÑA

Casa situada no mais céntrico da poboación con habitacions independentes. Preto das administracions dos coches ao ferrocarril e a Santiago

**PRECIOS ECONOMICOS**

# NOVELTY

**Planchadeiro de moda - Grandes talleres**

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centrás: A CRUÑA, Cantón Pequeno 12

VIGO, Praza da Constitución, 12

Sucursáis na Cruña: Estreita de San Andrés, 12

Praza de Azcárraga, 4-San Agustín, 22

Sucursal en Vigo: Circo núm. 5

Todál-as nosas sucursáis ostentan un letreiro como sinal, que, reproducen a marca de garantía xa conocida.

Recíbense encárregos de fora, e-espídense por meio das nosas sucursáis. Si no lugar onde vostede reside non-a hai, sirvase manifestarnos seus desexos de mandar os seus encárregos.

Os viños e coñás millores

os que exporta a casa PEDRO DOMECH de Xerez da Frontera, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouth más selecto

de mundial e reconocida sona é o Cinzano (Torino).

Para viños de mesa

non hai outros com'os dos cosecheiros exportadores señores

R. López de Heredia (Haro)

Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA-MADRID

Representante exclusivo (matriculado) de todas estas marcas:

**JOSÉ C. JUNCOSA**

Galera 39 e 41 - 2.º piso-A Cruña

# Banco Español del Río de la Plata

**Sucursal na Cruña - Casa matriz: BOS AIRES**

FUNDADO EN 1886

Capital. . Pesos 100.000.000'00 m/ ou sexa Ptas. ouro 220.000.000'00

Fondo de reserva (incruida prima a recibir) Pesos 50.055.224'97 m/ ou sexa Ptas. ouro 110.121.797'93

Ten sucursaes nos puntos seguintes:

REPÚBLICA ARXENTINA: (Casa matriz, Bos Aires), ROSARIO DE SANTÉ FÉ, BAHÍA BLANCA  
e principales prazas da República

NO URUGUAY: MONTEVIDEO — NO BRASIL: RIO XANEIRO

EN EUROPA: MADRID, BARCELONA, VALENCIA, VIGO, BILBAO, A CRUÑA, SEVILLA, PARÍS, LONDRES, XÉNOVA E HAMBURGO

A Sucursal da Cruña encárgase de efectuar por conta dos seus clientes toda crás de operacions bancarias nas condicíos más favorabeis e acretará intreses nas contas correntes, tanto en pesetas como en moedas estranxeiras a tipos excepcionalmente ventaxosos

En conta corrente, intrés anual . . . . .	2	DOR	100
En Caixa de Aforros, con libreta hasta 1.000 ptas., . . . . .	3	"	"
En prazo fixo de tres meses . . . . .	3	"	"
Idem id. 6 meses . . . . .	3 1/2	"	"
Idem id. un ano. . . . .	4	"	"
A más prazo . . . . .			convencional

Dirección telegráfica y telefónica: SPAINBANK.

# BANCO HISPANO-AMERICANO

MADRID

**Capital: 100 millós de ptas.**

**Dirección telegráfica: HISPAMER**

SUCURSAES E AXENCIAS

Albacete, Alcoy, Alicante, Antequera, Badajoz, Barcelona, Bilbao, Cádiz, Calatayud, Cartagena, Cruña, Cabra, Cáceres, Castellón, Ejea de los Caballeros, Figueras, Granada, Gerona, Huelva, Huesca, Játiva, Jaén, Jerez de la Frontera, Logroño, Las Palmas, Lérida, Lorca, Málaga, Murcia, Olot, Palma de Mallorca, Pamplona, Ronda, Sevilla, Soria, Tanesa, Tudela, Valdepeñas, Valencia, Valladolid, Villafranca del Panadés e Zaragoza

Gompra e venda de valores hispánicos e extranxeiros. — Custodia de alhaxas e valores. — Desconto e cobro de cupós, títulos amortizados e billetes de Lotería.

Troque, compra e venda de billetes e moedas extranxeiras. — Cartas de creto, e xiro sobre todos os países. — Cobro e desconto de letras. — Préstamos e contas de creto sobre valores nacionais e extranxeiros. — Contas correntes en pesetas mas que abona intreses aos tipos seguintes;

2	por 100	ao ano nas cartas disponibles, á vista.
2 1/2	por 100	id. id. a 3 meses data.
2 3/4	por 100	id. id. a 6 id.
3	por 100	id. id. a 1 id.

Tamén abre contas en moeda extranxeira abonando intreses a tipos convencionais.

# COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidad — Servicios direitos dende o porto da Cruña

Próximas saídas DIRECTAMENTE da Cruña

<b>Vapor Flandre</b>	<b>23 de Mayo</b>
« <b>Espagne</b>	<b>23 de Junio</b>

PRECIOS EN CÁMARA

	HABANA	VERACRUZ
Primeira crase (varias categorías) . . . . .	Ptas. 1.650 a 5.000	1.800 a 5.250
Segunda crase . . . . .	» 1.100	1.200
Preferencia . . . . .	» 1.000	1.050
TERCEIRA CRAS . . . . .	» 600	600

A estos precios hai que añadir os impostos.

Os pasaxeiros terán de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída.—Ademiten carga.

Para toda crás de informes dirixirse ao seu consignatario:

D. NICANDRO FARÍÑA, Rua de Compostela, esquina a Praza de Lugo-A CRUÑA

# COMPANÍA CHARGEURS REUNIS — COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Línea Brasil-Plata

Para os portos do Brasil, Montevideo e Bós Aires, sairán do porto da Cruña os maníacos vapores rápidos a duas hélices e de 12.000 toneladas,

DATA

15 de Mayo

12 de Junio

VAPOR

ALBA ex-«Sierra Ventana»

VILLARET

Prezo en 3.<sup>a</sup> cras

434'60 pesetas.

434'60 »

Prezos en cámara

	Pernambuco	Bahia	Rio Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
En primeira crase . . . Ptas.			1.286		1.486	1.543
En segunda crase . . . »			1.135		1.135	.1135
En segunda intermedia . . . »			522		522	522

Aos prezos de cámara hai que aumentar os impostos

Nenos menores de dous anos, un gratis por cada familia; de dous a cinco anos, cuarto pasaxe; de cinco a dez anos, media pasaxe; maiores de dez anos, pasaxe enteira. E necesario presentarse nesta Axencia cinco días antes da saída do vapor. Para mais informes dirixirse aos seus Axentes Xenerás en Hespanha:

ANTONIO CONDE Fillos - Plaza de Orense, 2 - A CRUÑA

Telegrams "Chargeurs"

# Lloyd Real Holandés

KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD

AMSTERDAM

SERVICIO POSTAL RÁPIDO A AMÉRICA DO SUR

Próximas saídas da CRUÑA para Pernambuco, Bahía, Río Xaneiro, Santos Montevideo e Bos Aires,

Vapor correo rápido ZEE LANDIA 29 de Abril

Admiten carga e pasaxeiros de Primeira, Segunda, Intermedia e Terceira crase.

Precio do pasaxe en 3.<sup>a</sup> cras, Ptas. 464'60

NENOS, menores de 2 anos, gratis; de 2 a 5 anos, cuarto pasaxe; de 5 a 10, medio pasaxe; de 10 anos, pasaxe enteiro.  
PARA PRECIOS DE CÁMARA e carga dirixirse o Agente General da Compañía en España:

D. Raimundo Molina e Couceiro, Consignatario—Marina, 22—A CRUÑA